

RESOLUCIÓN DE AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DUNHA PROBA DEPORTIVA DENOMINADA "XVII ANDAINA & TRAIL OUTONO", NOS CONCELLOS DE O BARCO DE VALDEORRAS E VILAMARTÍN DE VALDEORRAS

Interesado: Club Peña Trevinca Barco
Procedemento: autorización actos deportivos interesado

Data da iniciación: 18.07.2023
Forma de inicio: solicitude do interesado

ANTECEDENTES

1 O día 18.10.2022 José Miguel de la Cal González con DNI 09266527B, solicita autorización para a celebración dunha proba deportiva denominada "XVII ANDAINA & TRAIL OUTONO" nos concellos de O Barco e Vilamartin de Valdeorras. A actividade realizarase o día 12.11.2023

2 A entidade promotora da actividade é CLUB PEÑA TREVINCA BARCO, con C.I.F. G32022626 representada por José Miguel de la Cal González con DNI 09266527B. A proba, segundo a información aportada polo solicitante, **afecta aos montes veciñais en man común seguintes:**

Nome do monte	Pertenza	Concello
Raña, Monte Grande e Penas Roxas	Cesures e Vales	O Barco de Valdeorras
De Arnado	Arnado	Vilamartin de Valdeorras
Coutado, Salgueiral, Campiño e Pena Pintada	Vilaira	O Barco de Valdeorras

3 Os servizos forestais desta xefatura teñen informado favorablemente a realización da proba deportiva solicitada, coas seguintes condicións:

- Non se permite a realización de fogueiras, nin a utilización de aparatos que leven aparelado o uso do lume.
- O percorrido da proba debe axustarse ás estradas, camiños, pistas ou vías nos que foi solicitada, non debéndose autorizar fóra das infraestruturas mencionadas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 A autorización deste tipo de actividades está recollida no artigo 88 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (DOG núm. 140, do 23.07.2012).

2 No artigo mencionado requírese para que os promotores da actividade acrediten a autorización expresa dos titulares dos terreos. Na documentación aportada polos solicitantes non se atopan estas autorizacións.





3 O artigo 88 da lei citada contén as seguintes precisións:

- a) O promotor será responsable de toda incidencia, dano ou prexuízo que poida producirse.
- b) Deberanse manter os montes limpos de residuos. Queda prohibida a vertedura ou o abandono de residuos, materiais ou produtos de calquera natureza en montes ou terreos forestais.
- c) Para a sinalización, prohíbese cravar ou esgazar con calquera elemento manual ou mecánico, as árbores.

4 Desde o punto de vista da prevención e defensa contra os incendios é necesario que non se realicen fogueiras, nin se utilicen aparatos que leven aparelado o uso do lume, baixo a responsabilidade do persoal da organización.

5 A Consellería do Medio Rural é competente para resolver este tipo de autorizacións, a través do seu órgano forestal, que é a Dirección Xeral de Defensa do Monte. Dita dirección, mediante Resolución do 19 de xuño de 2013 (DOG núm. 123, do 01.07.2013), delegou esta competencia nos xefes e xefas territoriais da Consellería do Medio Rural.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

Autorizar a Club Peña Trevinca Barco con CIF: G32022626 , representada por José Miguel de la Cal González con DNI 09266527B, á realización dunha proba deportiva denominada "XVI ANDAINA & TRAIL OUTONO", nos concellos de O Barco e Vilamartin de Valdeorras, o día 12.11.2023, cos condicionantes recollidos nos puntos 2, 3 e 4 das consideracións legais e técnicas. Esta autorización está condicionada á obtención do permiso dos titulares dos terreos polos que discorre a proba.

Contra esta resolución, que non lle pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer, no prazo dun mes, un recurso de alzada ante o Conselleiro do Medio Rural.

Mediante este documento notifícaselle ao Club Peña Trevinca Barco con CIF: G32022626 representado por José Miguel de la Cal González con DNI 09266527B, esta resolución, segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 02.10.2015).

Ourense, na data da sinatura electrónica
O director xeral de Defensa do Monte
P.D. Resolución 19.06.2013 (DOG núm. 123, 01.07.2013)
O xefe territorial

Luis Jorge Álvarez Ferro



